



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail:correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 1 DE SETEMBRO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Miguez e Dona Mar García Vidal.

Secretaria: Dona Asunción García Laseca.

Interventor accidental: Don José Francisco Escudero Caamaño .

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta minutos do día un de setembro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria coa asistencia dos/as Sres./as Tenentes de Alcalde antes relacionados/as baixo a Presidencia do Sr. Alcalde don Jorge J. Tuñas Caamaño actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS SEGUINTE:

- **Acta da sesión ordinaria de data 18 de agosto de 2016.**
Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.
- **Acta da sesión extraordinaria e urxente de data 23 de agosto de 2016.**
Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

SEGUNDO- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016” (FEADER 2014/2020).- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.-

Na tramitación do procedemento negociado para a adxudicación da obra “Mejora de caminos municipales de acceso a explotaciones agrarias 2016” (FEADER 2014/2020)” presentáronse tres plicas polas empresas

- Construcciones y Obras Andújar S.L.

- Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.
- Excavaciones Yoñi Tuñas S.L.

Presentaron unha 2ª oferta (cláusula 15.4 do Prego) as empresas seguintes:

- Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.
- Excavaciones Yoñi Tuñas S.L.

Conforme ó acordado polo Órgano de Negociación, na xuntanza de data 26 de agosto de 2016 e o informe emitido polo Arquitecto Municipal, don Alfredo Varela Nogueira, de data 30 de xuño de 2016, esta Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas pola orde decrecente atendendo ós criterios de adxudicación sinalados no Prego que rexe a contratación, sendo o resultado o seguinte:

Posición 1ª: Excavaciones Yoñi Tuñas S.L..... 30,40 Puntos
Posición 2ª: Construcciones e Excavaciones Domingo González S.L.... 18,15 Puntos

Segundo.- Estimar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada pola empresa "Excavaciones Yoñi Tuñas S.L. CIF: B-70.134.143.

Terceiro.- Requerir á empresa "Excavaciones Yoñi Tuñas S.L. CIF: B-70.134.143. e con domicilio a efectos de notificación en Maroñas, 3.- Mazaricos, para presentar a documentación a que fai referencia a cláusula 16.2 do Prego que rexe a presente contratación, para o que se lle outorga o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte ó do recibo da comunicación deste acordo.

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) **Garantía definitiva:** O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, o que se acreditará mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

B) Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento, con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

C) De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

D) Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

E) No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

d) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

e) E deberá presentar, así mesmo, a seguinte documentación de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/D^a..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 7.bis.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa á solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e en consecuencia non se establece excepción de presentación da mesma por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

G) Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dª..... con residencia provincia de rúa
nº..... segundo DNI nº..... en nome propio ou da empresa á que
representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da
obra
- Título:.....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

J) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

TERCEIRO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA (RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA TERESA FABEIRO).- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

Na tramitación do procedemento negociado para a adxudicación da obra “Eficiencia enerxética na luz pública (rúa Rosalía de Castro e rúa Teresa Fabeiro)” presentáronse 8 plicas polas empresas seguintes:

- Abrente Enerxía S.L
- Galega de Técnicas e Investimentos S.L
- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Manuel Pardeiro Fernandez
- Proxecta Obras e Servizos S.L.
- Cendan y Filgueira S.L.
- Garvi Electricidad S.L.

As empresas admitidas á licitación foron as seguintes:

- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Abrente Enerxía S.L.

Presentaron unha 2ª oferta (cláusula 15.4 do Prego), dentro de prazo, as empresas seguintes:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Abrente Enerxía S.L.

Conforme ó acordado polo Órgano de Negociación, na xuntanza de data 26 de agosto de 2016 e o informe técnico emitido por don Xosé Manuel González Vilas, Enxeñeiro Agrónomo, con data de 19 de agosto de 2016, esta Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas pola orde decrecente atendendo ós criterios de adxudicación sinalados no Prego que rexe a contratación, sendo o resultado o seguinte:

Posición 1ª: Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L..... 50,95 Puntos
Posición 2ª: Abrente Enerxía S.L..... 9,95 Puntos

Segundo.- Estimar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada pola empresa “Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L” CIF: B-27800556

Terceiro.- Requerir á empresa “Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.” CIF: B-27800556 e con domicilio a efectos de notificación en Avenida del Ejército nº 23, 1º A.- 15006.- A CORUÑA, para presentar a documentación a que fai referencia a cláusula 16.2 do Prego que rexe a presente contratación, para o que se lle outorga o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte ó do recibo da comunicación deste acordo.

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en

consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, o que se acreditará mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

B) Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento, con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

C) De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

D) Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

E) No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

d) Nos supostos previstos nas cláusulas 12.1.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

e) E deberá presentar, así mesmo, a seguinte documentación de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera

orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/D^a..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 7.bis.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características.

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa á solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e en consecuencia non se establece excepción de presentación da mesma por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da lei de contratos).

G) Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D/D^a..... con residencia provincia de rúa
nº..... segundo DNI nº..... en nome propio ou da empresa á que
representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da
obra
- Título:.....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

J) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

CUARTO- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS. POLÍGONO INDUSTRIAL DE COVAS”.- COMUNICACIÓN DE POSICIÓN ÁS EMPRESAS LICITADORAS

No procedemento negociado sen publicidade, que se tramita efectuáronse consultas ás empresas seguintes:

- Manuel Pandeiro Fernández.
- Cendán y Filgueira S.L.
- Garvi Electricidad S.L.
- Galega de Técnicas e Investimentos S.L.
- Abrente Enerxía S.L.
- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.

E presentouse á licitación Anyclen S.L., sen que se lle remitira consulta- invitación

Con datas de 18 e 26 de agosto de 2016 tiveron lugar as xuntanzas do Órgano de Negociación da que resultaron os acordos seguintes:

Primeiro.- Admitir a licitación, polo cumprimento dos requisitos esixidos no sobre A, ás empresas seguintes, que son as que formularon proposicións:

- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Manuel Pandeiro Fernández
- Abrente Enerxía S.L.
- Galega de Técnicas e Investimentos S.L.
- Anyclen S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.

Segundo.- Consonte o informe técnico emitido por don Xosé Manuel González Vilas, Enxeñeiro Agrónomo, con data 22 de agosto de 2016, solicitado polo Órgano de Negociación, a licitadora "Proxecta Obras e Servizos S.L." atópase incurso en valores anormais ou desproporcionados. Requerida ó efecto, en cumprimento da cláusula 15.5.3 do Prego-Tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeitar para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, publicado no BOP da Coruña nº 3 de data 7 de xaneiro de 2016, non aportou a documentación correspondente.

Visto ó cal, acórdase, por unanimidade, a exclusión do procedemento de contratación da empresa "Proxecta Obras e Servizos S.L."

Terceiro.- Avaliar as proposicións aplicando os criterios de adxudicación do Anexo V.I e previo informe do Enxeñeiro Agrónomo, don Xosé Manuel González Vilas, de data 22 de agosto de 2016, co seguinte resultado:

Posición 1ª: Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.....	49,56 Puntos
Posición 2ª Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.....	46,86 Puntos
Posición 3ª: Manuel Pandeiro Fernández.....	37,56 Puntos
Posición 4ª: Anyclen S.L.....	33,56 Puntos
Posición 5ª: Abrente Enerxía S.L.....	21,74 Puntos
Posición 6ª: Galega de Técnicas e Investimentos S.L.....	20,14 Puntos

Xa que logo, esta Xunta de Goberno Local invita ás empresas licitadoras que figuren no apartado 3º para que, no prazo improrrogable de 48 h, presenten unha 2ª oferta en relación cós aspectos de negociación que poidan ser mellorados e que se indican no Anexo V.II.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

QUINTO.- ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA E OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS.

5.1.- Dona Carmen Nieto López, con enderezo na rúa Telleira nº 8 – Bastavales - Brión, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade de Cafetería, sita na rúa Teresa Fabeiro Caamaño – Baixo, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal don José Luís Gómez Córtes, de data 22 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable. Deberá ingresar as taxas



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

correspondentes, segundo a Ordenanza en vigor correspondente, nas arcas municipais, requisito sen o cal a licenza non terá efecto ningún.

Antes do inicio da actividade deberá presentar certificado emitido por unha empresa homologada de aillamento acústico do local, en base o artigo 11 do Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

5.2.- Visto o escrito presentado por **Don Javier Alfonsín Pedrares**, con enderezo no lugar de Gándara - Gonte, deste termo municipal, no que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar, sita no lugar de Gándara - Gonte, deste termo municipal. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, Don José Luís Gómez Cores de data 18 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda conceder a licenza de 1ª ocupación solicitada.

Deberá facerse efectivo o importe das taxas que gravan esta licenza que serán as que determine a Ordenanza fiscal en vigor.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

5.3.- Visto o escrito presentado por **Don Manuel Carballo Antelo**, con enderezo na Avda. de Feiraco nº 27 – 1ª, desta Vila e termo municipal no que solicita certificación urbanística do edificio da súa propiedade sito na Avda. de Feiraco nº 27. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córés de data 17 de agosto 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que según o P.X.O.M de Negreira aprobado o 18 de maio de 1999, ó edificio sito no nº 27 da Avenida de Feiraco, ten a clasificación de solo urbano e a calificación de solo urbano consolidado casco medio, séndolle de aplicación o artigo 93.- Ordenanza reguladora 2, casco medio.

Artigo 93.

(Correxido polo Informe Favorable do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia emitido o 16 de abril de 1999).

Ordenanza reguladora 2. Casco medio.

1. A ordenación farase, por regra xeral, en edificación continua entre medianeiras.

A concesión da licenza estará sempre condicionada a previa cesión gratuita de todo-os espazos da mesma parcela afectados por viais ou por zonas verdes públicas, así a dos espazos do vial no tramo ao que de fronte a edificación proxectada inda que pertezan a outras parcelas.

2. A parcela mínima edificable terá 100 m. o fronte mínimo a espazo público será de 8,00 m., o fondo mínimo dende o espazo público será de 6,00 m., o fondo máximo edificable será en plantas altas de 14,00 m. As parcelas terán unhas extremas que incidirán coas aliñacións de fachada cún ángulo

comprendido entre 75° e 105°, sendo obrigatoria a reparcelación entre parcelas contiguas no caso de non cumprir esta condición para poder solicitar licencia de obras, esta circunstancia farase constar polo Concello ao expedir a Cédula urbanística. Cando a configuración dunha parcela rodee completamente a outra que non reúna as condicións mínimas para ser edificable, non lle poderá ser concedida licencia de non adquirir e incluír o sobrante non edificable no mesmo proxecto.

3. a altura máxima da edificación será de planta baixa e tres pisos. (4,00+3x3,00=13,00 m.). Permitiranse ate dúas plantas de soto baixo a rasante e aproveitamento baixo cuberta. No caso de edificios que teñan fachada a rúas en pendente ou a varias rúas, a altura da edificación computarase con referencia á cota do centro de cada tramo de fachada, independentemente de por onde teña o acceso.

4. Soio se poderán facer corpos voados nas fachadas que den ás vías públicas. Nas traseiras dos edificios poderase permitir un voo con uso exclusivo de tendedeiro, e cunha lonxitude que non poderá acadar a metade da lonxitude da fachada da que voen, recuándose un mínimo de 1,00 metros da parcela colindante, esta superficie de voos nunca se poderá computar a efectos de superficie de patios de luces ou de mazás.

Os corpos voados terán que estar como mínimo a 3,60 m. da rasane da rúa medidos no punto mais desfavorable. O voo separarase como mínimo da medianeira 25 cm. nas fachadas que den a vías públicas, a lonxitude máxima do voo será o 10% do ancho da rúa con máximo de 1,00 m.

5. Os parámetros volumétricos establecidos nos puntos 1, 2 e 3, da presente ordenanza reguladora, se entenderán como parámetros máximos, permitíndose as solucións constructivas que non cheguen a agotar o volume edificable que corresponda á parcela, coa excepción a que se refire o punto 6.

6. A fin de evita-la aparición de medianeiras vistas cara ao medio rural nos bordos do núcleo de Negreira, as edificacións sitas nista ordenanza cuíñas parcelas sexan bordo do solo urbano en lindes con outras parcelas rurais, haberán de retranquearse tres metros da linde e ise paramento terá que tratarse como a fachada principal debendo necesariamente contar con ocos. Coa mesma finalidade de minimizá-lo impacto territorial das novas edificacións, o anteriormente disposto tamén se aplicarán aos fondos edificables das parcelas cuíño fondo límite co entorno rural.

7. Usos permitidos: En plantas baixas permitiranse: almacéns, asistencial benéfica, comercial, docente, espectáculos, garaxe, hoteleiro, industrial a ou b, oficinas, relixioso, reunións, sanitario e verde. En plantas altas: almacéns, asistencial benéfica, comercial, docente, hoteleiro, industrial a ou b, oficinas, relixioso, reunións e vivendas.

Por cada 80 m. construídos de uso residencial. (vivenda plurifamiliar ou hoteleiro) será necesario dispor no mesmo edificio de 20 m. de uso garaxe ou aparcamento. En canto as superficies construídas de usos non residenciais, por cada 100 m. será necesario dispor dentro da parcela de outros 20 m. de uso garaxe ou aparcamento.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail:correo@concellodenegreira.es

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

SEXTO.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS NA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

Á vista dos correspondentes expedientes, a Xunta de Goberno Local, adoptou, por unanimidade, os seguintes acordos:

a) Aprobación das seguintes facturas:

383	RAMON PEREZ LOIS	23/02/2016	A-135	847,00
588	ORONA	31/03/2016	1604 1604083070	80,65
589	ORONA	01/04/2016	1604 1604120558	1.405,61
602	OYS FERNANDEZ	31/03/2016	1:A:16/182	464,75
982	XIRUME S.C.	30/05/2016	11/16	792,48
983	XIRUME S.C.	30/05/2016	12/16	976,98
984	XIRUME S.C.	30/05/2016	13/16	49,50
1111	ABELLA CREATIVA	15/08/2016	58	605,00
1113	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS	17/08/2016	4001838960	253,93
1114	XIRUME S.C.	18/08/2016	14/16	551,10
1115	XIRUME S.C.	19/08/2016	15/16	2.174,64
1116	XIRUME S.C.	20/08/2016	16/16	838,55
1117	XIRUME S.C.	21/08/2016	17/16	1.097,09
1118	XIRUME S.C.	22/08/2016	18/16	528,00
1120	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	24/08/2016	B/2016/168	605,00
1121	HOTEL BALNEARIO DE COMPOSTELA	01/09/2016	43279	624,00

b) Apróbase o recoñecemento da antigüidade ó seguinte persoal municipal:

Nome	Posto	Trienio
José Romaris Blanco	Chofer Operario tractor	4º

Consideracións:

- a) Existe crédito adecuado e suficiente, a nivel da bolsa de vinculación, para o recoñecemento das obrigacións correspondentes á facturas indicada máis arriba. Polo tanto, fiscalízase de conformidade a súa aprobación.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como Secretaria certifico.-



